Rúbrica guión teatro de sombras

Criterio	Excelente (2 ptos.)	Bo (1,5 ptos.)	Aceptable (1 pto.)	Baixo (0,5 ptos.)
TÍTULO	O título é moi orixinal e creativo. Garda unha relación moi estreita co contido do mesmo.	O título é bastante orixinal e creativo e garda unha relación estreita co contido do mesmo.	O título non é demasiado orixinal nin creativo, pero garda unha relación evidente co contido do texto.	O título non é nada orixinal nin creativo. Ademais, non garda ningunha relación co contido do texto.
ESTRUTURA	Distínguense con moita claridade os diferentes apartados do texto: introdución, nó e desenlace. Aparecen desenvolvidos dunha maneira moi equilibrada e clara.	Distínguense con claridade os diferentes apartados do texto: introdución, nó e desenlace. Aparecen desenvolvidos dunha maneira equilibrada e clara.	Falta un dos apartados nos que debía dividirse o texto e/ou non están desenvolvidos dunha maneira equilibrada e clara.	Falta estrutura organizativa no texto. A información dáse de maneira caótica.
ADECUACIÓN	O guion adecúase perfectamente a todas as consignas dadas: extensión, número de personaxes, forma de presentar a información, etc.	O guion adecúase de maneira bastante adecuada a todas as consignas dadas: extensión, número de personaxes, forma de presentar a información, etc.	O guion non sempre se adecúa ás consignas dadas: extensión, número de personaxes, forma de presentar a información, etc.	Non segue as consignas: extensión, número de personaxes, forma de presentar a información, etc.
TEXTO	Os diálogos son moi orixinais e ocurrentes e as acotacións destacan pola súa precisión e pertinencia.	Os diálogos son bastante orixinais e ocurrentes e as acotacións son precisas e pertinentes.	Os diálogos non son demasiado orixinais nin ocurrentes e/ou as acotacións non son o suficientemente precisas nin pertinentes.	Os diálogos non están ben traballados e/ou as acotacións son moi pouco precisas ou inexistentes.
CORRECCIÓN	Non se cometeron erros ortográficos, morfosintácticos nin de puntuación.	Cometéronse un ou dous erros ortográficos, morfosintácticos ou de puntuación.	Cometéronse tres ou catro erros ortográficos, morfosintácticos ou de puntuación.	Cometéronse máis de catro erros ortográficos, morfosintácticos ou de puntuación.

“Rúbrica guión”, do proxecto cREAgal, se publica con Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0